

CINCO ASUNTOS PARA REFERIR A PROPÓSITO DAS CINCO EDICIÓNS DO CHÁMALLE X

1. Carlos Tejo, corpo e mente, carne e alma *performática* do evento convidame a escribir aquí por ser —refíreme nun correo electrónico— o coordinador da Sala X, e por ser esta, o lugar físico onde se veñen celebrando as xornadas de *performance* e, imaxino ademais, que tamén porque ambos, el e máis eu, diriximos algo que contén só dúas palabras e onde o X, léase *xe* en galego, vixésimo segunda letra do alfabeto galego, ocupa un lugar referencial: Chámalle X e Sala X.
2. Púxenme a repasar todo o material preciosísimo (para afeccionados e profesionais, investigadores e curiosos) que foi xurdindo nas catro edicións e daquela demorei nesa magnífica abundancia de imaxes que acreditan con cadanseu DVD nas accións e *performances* dos e das artistas que foron pasando polo Chámalle X. E volví tamén, a maiores dese material audiovisual, sobre os dous últimos volumes editados en que se recollen reflexións textuais e fotografías. De certo que se trata dunha aventura creadora ben estimulante.
3. Á vista dese acervo vexo como o profesor e artista Carlos Tejo foi implicando —dun xeito ou doutro— o conxunto da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, o alumnado e o profesorado e converteuno así nun evento en que toda a Facultade, o Campus de Pontevedra e a Universidade de Vigo vense convidados e que xunto con eles camiñan senlleiros representantes actuais da *performance*.
4. Mais eu dende aquí apelo á comunidade artística e cultural de Galiza a que vexan tamén cara a Chámalle X como o grande evento que é: unha manifestación de *performance* de grande interese; un encontro de radical vangarda e contemporaneidade ao que os xornais e medios culturais galegos deben de prestar nos seus tres días de desenvolvemento a máxima atención. Non é un acto só de Pontevedra, só académico e da Universidade de Vigo, só minoritario, só especializado, só raro. Eu reclamo, particularmente ao noso contorno máis próximo, á Galiza da cultura (e non só a Pontevedra) a que nesta quinta edición vexan con atención o Chámalle X e falen del nas páxinas de cultura dos xornais, das revistas, dos programas de televisión, das radios, en internet. E fago votos por ese necesario descubrimento polas xentes da cultura do país destas xornadas de arte de acción porque aínda que sei que este proxecto non trata de pintura, escultura, cerámica, gravado, arquitectura, deseño (ou si?), ámbitos eses tan doados de entender polo común das xentes, e precisamente por todo iso, polo seu formato artístico paradoxal e singular polo que precisa promoverse mediante a publicidade, contarse, expandirse; daquela, o Chámase X á conquista de novos públicos.
5. En fin, Chámase X é en si mesmo un título-acción e unha proclama *performática* que se celebra dende 2004 e de xeito invariable no mes de novembro en Pontevedra. Agora este volume onde escribo e o DVD que o acompaña celebran a quinta edición. Parabéns!

Xosé M. Buxán Bran

Coordinador da Sala X. Sala de Exposicións do Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo